

Programación didáctica

ESO

DEPARTAMENTO	FRANCÉS	
MATERIA OU ÁMBITO	FRANCÉS SEGUNDA LÍNGUA ESTRANXEIRA	
CURSO E GRUPOS	2º ESO A, 2º ESO B, 2º ESO C	
PROFESORADO	PATRICIA GONZÁLEZ GARCÍA NATALIA SALGADO DA SILVA	
LIBRO DE TEXTO	TOUS ENSEMBLE 1. VICENS VIVES	
	Ano de implantación	SEPT 2016

Índice

Rexenerar co cursor no índice e premendo F9 (actualizar campos)

1.	Introdución e contextualización	3
2.	Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	3
3.	Obxectivos para o curso	3
4.	Concreción de cada estándar de aprendizaxe available:	4
5.	Concrecións metodolóxicas	13
6.	Materiais e recursos didácticos que se van utilizar	13
7.	Criterios sobre a avaliación, cualificación	13
	7.1 Criterios de avaliación.....	13
	7.2 Criterios de cualificación	13
8.	Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	14
9.	Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	15
10.	Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	16
11.	Medidas de atención á diversidade	16
12.	Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda	16
13.	Actividades complementarias e extraescolares	16
14.	Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	16

1. Introducción e contextualización

Introdución xeral

A Lei orgánica 8/2013, no capítulo III determina que se entende por currículo o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliados de cada unha das ensinanzas e etapas educativas reguladas pola citada Lei. O Real decreto 1105/2014, de 26 de decembro, establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato. O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo a Lei 8/2013, corresponde ao Goberno o deseño básico, en relación cos obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliados, co fin de asegurar unha formación común e o carácter oficial e a validez en todo o territorio nacional das titulacións ás que se refire esta Lei Orgánica. Non obstante, dentro dos límites establecidos polas Administracións, os centros docentes desenvolverán e complementarán, no seu caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas polas Administracións educativas, adaptándoos ás características do alumnado e á súa realidade educativa co fin de atender a todo o alumnado.

De acordo co artigo 10 do RD 1105/2014, a finalidade da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en acadar que os alumnos e alumnas adquiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles hábitos de estudo e de traballo; prepararlos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formalos para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns.

O IES O Ribeiro está situado na capital da bisbarra do Ribeiro, a vila de Ribadavia. A procedencia dos alumnos son as diferentes aldeas e comarcas desta rexión. Neste centro existen máis alumnos do entorno que da propia vila de Ribadavia escolarizados na ESO. O nivel socioeconómico das familias é medio ou medio-baixo.

O nivel socioeconómico das familias dos alumnos e os seus hábitos familiares cara o estudio, en moitos casos case inexistente, deberá ser considerado en todo o curso á hora de impartir a materia e valorar o acadado por cada alumno

Neste centro hai TRES grupos de 2º de ESO, de 2ºA, 16 cursan 2LEF; de 2ºB, 21 cursan 2LEF; de 2ºC, 21 cursan 2LEF. O total de alumnos que cursan 2LEF neste nivel é de 58. Todas as exencións están estudadas e autorizadas desde o inicio do curso..

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Competencias clave do currículo de ESO

Segundo o Artigo 6.2 da Lei Orgánica 8/2013, se coñecen como competencias son "capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de acadar a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos".

O RD 1105/2014 precisa que as competencias do currículo serán as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

O Decreto autonómico 86/2015, que establece o currículo para a ESO e o bacharelato no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia precisa a relación entre as competencias clave e os criterios de avaliación. Deste xeito, facilítase a integración das competencias no currículo.

3. Obxectivos para o curso

- Comprender a información global e específica dos textos orais de comunicación habituais, procedentes de medios de comunicación audiovisual utilizando claves lingüísticas e non lingüísticas.
- Expresarse oralmente de forma sinxela en intercambios comunicativos de aula.
- Comprender a información de carácter xeral e específica de textos escritos para satisfacer necesidades básicas, comprender e facerse comprender.
- Reflexionar sobre o funcionamento da lingua estranxeira para mellorar a participación en intercambios comunicativos e na comprensión dos textos.
- Interese, respecto e valoración crítica da forma de vida e outros aspectos culturais e sociais dos países onde se fala esta lingua.

4. Concreción de cada estándar de aprendizaxe avaliable:

Francés. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: <ul style="list-style-type: none"> - Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto; - Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. - Identificación de palabras clave. - Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica) - Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. - Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira. ▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. ▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito. ▪ B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula. ▪ B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. ▪ B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se fala moi amodo e con moita claridade. ▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
Bloque 2. Produción de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> - Planificación: - Identificación do contexto, do destinatario e da 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC

Francés. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>finalidade da produción ou da interacción.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa - Execución: <ul style="list-style-type: none"> - Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. - Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. - Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. <ul style="list-style-type: none"> - Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> - Modificación de palabras de significado parecido. - Definición ou paráfrase dun termo ou expresión. - Uso da lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta. - Petición de axuda. - Paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> - Sinalización de obxectos, uso de déicticos ou realización de accións que aclaran o significado. - Uso de linguaxe corporal 	<ul style="list-style-type: none"> solicitar repeticións para entender a mensaxe. ▪ B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender. ▪ B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. ▪ B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos. 	<p>comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. ▪ SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. ▪ SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar. ▪ SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC

Francés. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).</p> <p>– Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. ▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda e outras, igualmente cotiás moi básicas. 			
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas. ▪ B3.2. Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente. ▪ B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia. ▪ B3.4. Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiás e propios da súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
Bloque 4. Producción de textos escritos				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD

Francés. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos. <p>- Execución:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. - Estruturación do contido do texto. - Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. - Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "páreceme ben", etc.). <p>- Revisión:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificación de problemas, erros e repeticións. - Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. - Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). - Reescritura definitiva. 	<p>revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal. ▪ B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade. ▪ B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. 	<p>intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.). ▪ SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas. ▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos. - Sons e fonemas vocálicos. - Sons e fonemas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD

Francés. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
o	<p>consonánticos e as súas agrupacións.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Procesos fonolóxicos máis básicos. - Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. <p>■ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Uso das normas básicas de ortografía da palabra. - Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. <p>■ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. - Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. <p>■ B5.4. Plurilingüismo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e 	<p>pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p> <p>■ B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>■ B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.</p> <p>■ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>■ B5.5. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente.</p> <p>■ B5.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>	

Francés. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que se posúen como persoa plurilingüe.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Funcións comunicativas: <ul style="list-style-type: none"> - Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. - Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. - Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros. - Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias. - Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza. 			

5. Concreción metodolóxicas:

As estratexias metodolóxicas que se propoñen para desenvolver o currículo baséanse na participación activa nas clases empregando procedementos e instrumentos que permitan acadar un grao mínimo de consecución da materia dentro da temporalización previamente establecida. Vemos a relación na seguinte táboa:

Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución para superar a materia	Procedementos e instrumentos
<p>✓ SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.</p>	<p>✓ Ao longo de todo o curso.</p>	<p>1. Captar e recoñecer unha información xeral emitida en mensaxes orais ou escritas breves nun entorno familiar para o alumno.</p> <p>2. Comprender e utilizar o francés para resolver os problemas comunicativos.</p>	<p>a) Uso de exames escritos.</p> <p>b) Probas orais.</p> <p>c) Observación directa.</p> <p>d) Actividades na aula.</p> <p>e) Traballos específicos.</p>
<p>✓ SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula.</p>			
<p>✓ SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante</p>			

<p>de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito</p>			
<p>✓ SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar.</p>			
<p>✓ SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p>	<p>✓ Ao longo de todo o curso.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Producir mensaxes orais e escritas de carácter práctico e cotiá, respectando as normas básicas da Gramática. Isto supón a correcta utilización dos verbos en tódalas súas persoas, tanto a nivel oral como escrito. 2. Obter de forma comprensiva e autónoma unha información global. 3. O anterior supón o manexo dos correspondentes grupos fonéticos de ditongos, nasais, e consoantes 4. Aplicar funcións discursivas, estruturas e entoacións apropiadas en situacións contextualizadas. 	<p>a) Probas orais.</p> <p>b) Observación directa.</p> <p>c) Actividades na aula.</p>
<p>✓ SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>			
<p>✓ SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>			
<p>✓ SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental,</p>			

<p>intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar.</p>			
<p>✓ SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>			
<p>✓ SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.</p>	<p>✓ Ao longo de todo o curso.</p>	<p>1. Producir mensaxes orais e escritas de carácter práctico e cotiá, respectando as normas básicas da Gramática. 2. Comprender información básica específica da materia.</p>	<p>a) Uso de exames escritos. b) Probas orais. c) Observación directa. d) Actividades na aula. e) Traballos específicos.</p>
<p>✓ SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</p>			
<p>✓ SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.</p>			
<p>✓ SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia..</p>			
<p>✓ SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p>	<p>✓ Ao longo de todo o curso.</p>	<p>1. Elabora de maneira autónoma diferentes modelos de textos coas súas características básicas (formato, vocabulario) e coa adecuada intención comunicativa. 2. Aplica funcións discursivas, estruturas apropiadas en situacións contextualizadas.</p>	<p>a) Uso de exames escritos. b) Probas orais. c) Observación directa. d) Actividades na aula. e) Traballos específicos.</p>
<p>✓ SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións.</p>			

<p>✓ SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.</p>			
<p>✓ SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituindo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitación, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</p>			
<p>✓ SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>	<p>✓ Ao longo de todo o curso.</p>	<p>1. Coñece e usa os correspondentes grupos fonéticos de ditongos, nasais, e consoantes. 2. Comprende o propósito comunicativo das diferentes producións tanto orais como escritas. 3. Comprender e interpretar criticamente aspectos culturais vencellados a Francia e a francofonía.</p>	<p>a) Uso de exames escritos. b) Probas orais. c) Observación directa. d) Actividades na aula. e) Traballos específicos.</p>
<p>✓ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.</p>			
<p>✓ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>			
<p>✓ SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>			
<p>✓ SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou</p>			

ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.			
---	--	--	--

6. Materiais e recursos didácticos que se van utilizar

Materiais e recursos didácticos
<ul style="list-style-type: none"> - Libro de texto - Caderno de exercicios - Libro dixital - Encerado dixital - Lector CD - Dicionarios bilingües - Fichas de expresión oral - Fotocopias de apoio

7. Criterios sobre a avaliación, cualificación

7.1 Criterios de avaliación

Avaliacións parciais
<ul style="list-style-type: none"> - A avaliación trimestral constará de 3 probas: <ul style="list-style-type: none"> .- Unha proba de comprensión e expresión escrita formada basicamente de exercicios de gramática, exercicios de vocabulario, textos cursos de comprensión e textos curtos de expresión .- Unha proba de comprensión oral formada por exercicios curtos de comprensión .- Unha proba de expresión oral: lectura dramatizada individual de cada alumno e por parellas
Avaliación final
<ul style="list-style-type: none"> - Ao tratarse dunha materia con avaliación continua non será necesaria ningunha proba específica de avaliación final
Avaliación extraordinaria
<ul style="list-style-type: none"> - A avaliación extraordinaria de setembro, constará, por falta de datas, dunha proba única de comprensión e expresión escrita, que suporá o 100% da cualificación

7.2 Criterios de cualificación

Criterios de cualificación
<ul style="list-style-type: none"> - Proba de comprensión e expresión escrita 50% da cualificación - Proba de comprensión oral 20% da cualificación - Proba de expresión oral 20% da cualificación - O 10% restante da cualificación final virá determinado pola revisión periódica do caderno de exercicios e pola valoración do comportamento na aula, o coidado do material e o interese pola materia - Será necesario acadar un mínimo equivalente a un 3,5 para poder facer media entre as diferentes probas.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: PLANIFICACIÓN		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
3. Selecciona e secuencia de xeito progresivo os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.		
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
5. Planifica as clases de xeito flexible, preparando actividades e recursos axeitados á programación de aula e ás necesidades e os intereses do alumnado.		
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos.		
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que podan ter contidos afíns á súa disciplina.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
2. Presenta situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos).		
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		
4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.		
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.		
7. Promove a reflexión dos temas tratados.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.		
6. Promove o traballo cooperativo e mantén		

unha comunicación fluída cos estudantes.		
7. Desenvolve os contidos dun xeito ordenado e comprensible para os alumnos.		
8. Presenta actividades que permitan acadar os estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
9. Presenta actividades grupais e individuais.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisa, a cotío, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e o xeito de melloralas.		
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
6. Utiliza criterios de avaliación abondo, que atenda de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
8. Propón novas actividades que facilite a adquisición de obxectivos cando estes non teñan sido acadados suficientemente.		
9. Propón novas actividades de máis nivel cando os obxectivos teñan Sada acadados con suficiencia.		
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.		

9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Na ESO, as materias son de contido progresivo polo que a súa superación nun curso supón a superación da materia do curso anterior se estivese pendente.

Ademais da avaliación continua correspondente ao curso no que se está matriculado, realízase outra avaliación continua particular para a materia pendente, avaliación que será independente da anterior. A superación de esta avaliación continua particular suporá o aprobado da materia pendente.

Para a preparación desta avaliación continua, entregarase aos alumnos unha serie de traballos, que serán supervisados polo profesor da aula para a súa realización e corrección. Ditos traballos incluírán exercicios similares a os que se esixirán na realización das probas. Os traballos serán valorados. A nota obtida en eles suporá o 10 por cento da nota da avaliación correspondente.

Ademais das dúas opcións xa citadas (avaliación continua do curso actual e avaliación continua particular para a materia do curso anterior), existe unha terceira vía para aprobar a materia pendente: as convocatorias oficiais que se realizarán nos meses de maio e setembro. Nestas convocatorias oficiais realízanse probas sobre toda a materia.

O profesor encargado de supervisar o progreso destes alumnos é o profesor que imparte á materia no curso actual. Os alumnos que non cursen a materia no curso actual serán supervisados polo xefe ou xefa do departamento.

A avaliación, dos alumnos de 2º ESO que teñan a materia pendente de 1º ESO, farase por tres vías:

- Observación na clase de 2º ESO e superación da materia
- 3 exames parciais (1 por trimestre)
- 1 exame final (convocatoria ordinaria e convocatoria extraordinaria)

O alumno poderá superar a materia pendente por calquera das tres vías

10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Deseño da avaliación inicial

Nos primeiros días observarase aos alumnos na aula para detectar posibles dificultades á hora de desenvolver cada unha das catro destrezas básicas (comprensión oral, comprensión escrita, expresión oral, expresión escrita) así como a asimilación dos contidos lexicais e gramaticais impartidos no ano anterior. Os alumnos coa materia 2LEF pendente de 1º da ESO serán observados diariamente na aula para avaliar a súa evolución, así mesmo terán dereito a 3 probas parciais e a dúas finais, unha ordinaria e outra extraordinaria, para poder superar a materia se fose necesario.

11. Medidas de atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade

En colaboración co departamento de orientación procurarase detectar os casos dos alumnos que precisen medidas de atención especiais e elaboraranse actividades ó seu nivel para conseguir que poidan avanzar na súa aprendizaxe, manteñan a motivación e reforcen a súa autoestima.

Unha das ferramentas para auxiliar na detección de alumnos con problemas é a avaliación inicial que, con carácter informativo, faise os alumnos de primeiro e segundo curso da ESO.

En función das características, do número de individuos que precisan atención, e da dispoñibilidade do centro (tanto persoal como material) poden facerse agrupamentos específicos para tal fin.

12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

Elementos transversais que se traballarán

- Educación ambiental
- Educación para a igualdade de oportunidades
- Educación moral e cívica
- Educación para a paz, a non violencia e a cooperación
- Educación para a saúde
- Educación vial
- Educación para o emprego das TICs

13. Actividades complementarias e extraescolares

Actividades complementarias e extraescolares

- Os alumnos de 2LEF de 2º de ESO asistirán, xunto cos de 1º e 3º de ESO, á actividade de celebración de "La semaine de la Chandeleur" que terá lugar nas instalacións do IES o 5 de febreiro.

14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

O seguimento da programación da materia e da propia práctica docente realizarase periodicamente (por unidade didáctica, semanal, quincenal ou mensualmente) polo propio profesor por comparación entre o planificado e o executado realmente, rexistrando as modificacións necesarias.

Trimestralmente, as conclusións do seguimento da programación por parte do profesor analizarase detalladamente o que servirá de base para a memoria de final de curso que terá que presentar sobre o desenvolvemento da programación da materia e coas estatísticas sobre cualificacións do alumnado.

